



VECIÑANZA PÍDELLE AO GOBERNO LOCAL QUE ACOMETA OS TRABALLOS DE MANTEMENTO DA PISCINA MUNICIPAL

- Veciñanza comparte as queixas de moitos veciños e veciñas ante esta situación e esíxelle ao Alcalde que acometa canto antes os traballos de mantemento que a piscina municipal require.
- Son moitas as queixas ante a falta de conservación e nalgúns casos da nula aparencia de salubridade que amosa tanto o exterior como os vestiarios e zonas comúns.
- Veciñanza fai fincapé en que a piscina municipal é un servizo público que se fai máis necesario ca nunca en temporadas como as de semanas anteriores nas que é un refuxio imprescindible para moitos nenos e nenas ante as altas temperaturas.

Cuntis, 3 de agosto de 2022

Ante as queixas manifestadas por moitos usuarios e usuarias da piscina municipal, Veciñanza trasladou ao pleno do pasado xoves 28 a necesidade de que o goberno municipal realice o mantemento necesario para que as instalacións presenten o aspecto que deben. **Son moitas as queixas ante a falta de conservación e nalgúns casos da nula aparencia de salubridade que amosa tanto o exterior como os vestiarios e zonas comúns.**

No pleno da pasada semana, o voceiro municipal de Veciñanza salientou que *“a piscina municipal é un servizo público que se fai máis necesario ca nunca en temporadas como as de semanas anteriores nas que é un refuxio imprescindible para moitos nenos e nenas ante as altas temperaturas. Non é presentable o estado no que se atopan algúns elementos tanto exteriores como de vestiarios: dende arestas cortantes, ata bancos deteriorados, soportes metálicos das duchas con ferruxe, etc.”*.

O Goberno Municipal do PSOE leva anos sen acometer os traballos de conservación, mantemento e renovación de mobiliario que as piscinas precisan, co que o seu uso e o paso dos anos vai deteriorando as instalacións ata o punto de ofrecer, nalgúns casos, aspectos pouco presentables. **Veciñanza fai fincapé en que se trata dun servizo público**, malia que o PSOE manteña a súa xestión privatizada, e que polo tanto é esixible un mínimo de calidade, moi especialmente cando a maioría dos usuarios e usuarias son menores que se expoñen a riscos por cortes, mancaduras, etc.





Veciñanza comparte as queixas de moitos veciños e veciñas ante esta situación e esíxelle ao Alcalde que acometa canto antes os traballos de mantemento que a piscina municipal require, xa que non se fixeron antes durante o período no que non está en servizo. Veciñanza lamenta a nula previsión e coidado do grupo de goberno, centrado máis na propaganda electoralista que na xestión diaria dos servizos municipais.



veciñanza

